

## San Xián de Sales

Xián procede do latín *Iulianus* e é un cognomen (forma latina que servía para sinalar a unha familia dentro dunha liñaxe) moi frecuente, derivado do xentilicio *Iulius*, da *gens* 'familia' *Iulia*. Debemos precisar que algúns topónimos galegos coma este teñen orixe nun nome xermánico, presente no medioevo galego nas formas *Egila*, *Egilanus*, *Egeo* e que significa 'puñal'.

Conta a lenda que San Xián era amigo da caza e un día matou a un cervo que antes de morrer lle dixo que ía matar a seus pais. Para fuxir deste destino Xián emigrou e púxose ó servizo dun rei. Este, en recompensa polos seus servizos, fixoo cabaleiro e casouno coa viúva dun rico señor. Os pais de Xián tristes pola súa marcha, andan polo mundo buscándoo e un día chegan ó castelo onde a muller de Xián, Adela, en ausencia do seu home dálle de comer e ofrécelle repouso na súa propia cama. Xián, que volverá á casa de forma imprevista, atopa a parella na cama e, pensando que era a súa muller con outro home, mátaos ós dous. Cando ve que a súa muller volta da misa, comprende o seu erro, e decide facer penitencia. Instálase á beira dun río, onde constrúe un hospital e atende ós peregrinos e axúdalles a cruzar o río. Cristo apareceuselle un día e concedeulle o perdón en virtude das súas boas obras.

É patrón dos barqueiros e pasadores de ríos, dos carpinteiros de obra e dos telladores; tamén o veneráron os viaxeiros, peregrinos e alberguistas.



### Cibrán

Este topónimo procede do latín *Cyprianu*, nome ético formado a partir do adjetivo *cyprius*, 'de Chipre'.



### Quintáns

Este topónimo procede da voz latina *quintana*, derivación de *quintus*, -a, -um, que en principio pudo significar a quinta parte dun terreo ou herdade e despois calquera territorio cercado más ou menos grande. Vinculadas a este nome están as palabras *quinta* ('casa e finca grande') e *quintal* ('granxa ou terreo pechado e pequeño').



### Calzande

Descoñecemos a orixe deste topónimo, aínda que parece o xenitivo dun nome persoal.



### A Torre

O presente nome de lugar vén do latín *turre* 'torre fortaleza', quizais motivado pola presenza dunha edificación defensiva.

Elixio Rivas emparenta a forma latina *turre* co irlandés *tor* 'rochedo, torre', gaélico *torr* 'outeiro, torre' e cónico *tor* 'monte', procedentes dunha base celta *\*ta-r*, *\*taur-*, *\*tor-r*, *\*tur-r-* 'monte'.



### O Matelo

Este topónimo procede da forma derivada *\*mattellu* e está á súa vez de *\*matta*, *mattu*, que en topónimia significa 'arbusto, planta espesa' e 'bosque, selva'. Na documentación antiga, *mato*, ten o significado de 'terreo inculto, bravo, a monte'.

É de orixe prelatina e está presente nas outras linguas peninsulares. Hubschmid dá esta palabra como preindoeuropea e Antón Tovar como ibera



### Paradela

Este nome de lugar vén do latín *parata*, de *parare*, 'deter, parar' e más o diminutivo *-ela*. Este topónimo fai normalmente referencia a forma e xeografía do terreo. Segundo Cabeza Quiles, os emprazamentos deste tipo de nomes están en topografías moi parecidas, consistentes en paradas ou descansos orográficos, lugares un pouco elevados, con auga e sombra.



### Laraño

Este é un topónimo de orixe prerromana, pero non estamos seguros da súa procedencia, aínda que pode vir da mesma raíz de leira(Laraño<*Laranio*).



### Romarís

Este nome de lugar ten a súa orixe no nome propio xermánico *Romaricus*, que ten como primeiro elemento a base gótica *\*hrom-* 'gloria, esplendor' e o segundo *reiks* 'señor'.



### Ramonde

Este topónimo vén de *Ramundi*, xenitivo de *Ramundus*. Probablemente proceda dun antropónimo (nome de persoa) de orixe xermánica, en referencia ó nome do dono ou posuidor dunha antiga (\**villa*) *Ramundi*; entendendo *villa* no sentido de gran propiedade de latifundista. O tema gótico *\*munda* significa 'protección'.

